

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN02	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0821	Laboratorio de próteses dentais	2023/2024	3	80	80

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA LOURDES QUEIMADELOS DÍAZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste título consiste en deseñar, fabricar e reparar próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais segundo prescrición e indicacións facultativas, así como efectuar o reaxuste necesario para o seu acabamento e xestionar un laboratorio de próteses dentais realizando as operacións para a comercialización do produto, e respectando a normativa vixente de seguridade e protección ambiental, así como as especificacións de calidade.

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade no sector sanitario, en empresas privadas ou en institucións asistenciais, como fabricante de produtos sanitarios dentais á medida en laboratorios de prótese dental, como traballador autónomo ou por conta allea, e en empresas da industria dental, como fábricas proveedoras de materiais e maquinaria, ou en depósitos dentais, participando nas actividades de formación específicas da empresa. Tamén poden desenvolver a súa actividade no campo da investigación tecnolóxica dentro de empresas do sector dental e na instrución na industria dental impartindo cursos básicos ou avanzados sobre novos materiais e novas técnicas. A súa actividade está sometida a regulación pola Administración sanitaria estatal.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a superior en próteses dentais.
- Técnico/a especialista en próteses dentais.
- Responsable técnico/a dun laboratorio de prótese dental.
- Comercial na industria dental ou depósitos dentais
- Responsable técnico/a en departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de organización e xestión dun laboratorio de prótese dental, asegurando a calidade, a prevención, a seguridade e a protección.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Organización das áreas de traballo.
- Manexo de aplicacións informáticas de xestión.
- Control do almacén e mantemento de equipamentos.

Este módulo relaciónase coa unidade de competencia:

UC2087_3: Xestionar un centro, unha instalación ou un laboratorio de prótese dental, e organizar os procesos de deseño, preparación, elaboración, fabricación e reparación de próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Deseño dun Laboratorio de próteses dentais	Organizar o laboratorio, tendo en conta a relación entre as distintas áreas de traballo.	15	20
2	Almacenamento sanitario e xestión informática	Controlar o almacenamento de materiais e o mantemento de equipamentos.	20	25
3	Acondicionamento de produtos protésicos	Acondicionar os produtos protésicos e describir as fases do proceso.	12	15
4	Documentación, calidade e comercialización	Xestionar a documentación para o que selecciona aplicacións informáticas e detalla os protocolos de arquivo.	25	25
5	Os procedementos normalizados de traballo	Analizar e crear procedementos normalizados de traballo para a fabricación de próteses dentais, interpretando a normativa sanitaria.	8	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Deseño dun Laboratorio de próteses dentais	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o laboratorio de próteses dentais, tendo en conta a relación entre as áreas de traballo e a actividade profesional ou o proceso produtivo.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Determináronse as divisións das áreas, atendendo aos requisitos técnico-sanitarios esixidos.
CA1.2 Distribuíronse os postos de traballo segundo os requisitos técnico-sanitarios, atendendo ás liñas de fabricación do laboratorio de prótese dental.
CA1.3 Tivéronse en conta os requisitos sobre seguridade e hixiene no traballo relativos a un laboratorio de prótese dental.
CA1.4 Distribuíronse as máquinas segundo criterios de seguridade e ergonomía.
CA1.5 Colocáronse os utensilios e os medios de produción segundo criterios de funcionalidade.
CA1.6 Planificouse un sistema de adquisición e xestión de equipamentos e maquinaria, e estableceuse un plan de revisión.

4.1.e) Contidos

Contidos
Requisitos técnico sanitarios.
Normativa legal para centros, instalacións e laboratorios de prótese dental.
Características do laboratorio de próteses dentais.
Equipamentos e maquinaria necesarios.
Sistemas de adquisición de maquinaria e materiais funxibles.
Normativa sobre seguridade e hixiene no laboratorio de prótese dental.
Plan de revisións e mantemento.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Almacenamento sanitario e xestión informática	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Controla o almacenamento de materiais e o mantemento de equipamentos, aplicando técnicas informáticas de xestión.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os sistemas informáticos utilizados na xestión do gabinete de próteses e orteses dentais.
CA2.2 Seleccionáronse os métodos e as condicións de almacenamento e conservación dos produtos e os materiais, en función do seu tipo e das súas características.
CA2.3 Explicáronse os métodos de control de existencias e de realización do inventario de materiais.
CA2.4 Confeccionáronse pedidos de materiais e outros elementos segundo os protocolos establecidos.
CA2.5 Establecéronse as cantidades mínimas necesarias de materiais funxibles para asegurar a actividade do gabinete.
CA2.6 Describiuse o procedemento de rexistro do mantemento e a posta a punto dos aparellos e dos equipamentos.

4.2.e) Contidos

Contidos
Sistemas informáticos de xestión.
Aplicacións informáticas.
Xestión de almacéns sanitarios: Sistemas de almacenamento. Condicións de mantemento de produtos en almacéns sanitarios. Documentación de almacéns.
Control de mantemento de equipamentos e aparellos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Acondicionamento de produtos protésicos	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Acondiona os produtos protésicos e describe as fases do proceso.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Interpretouse a prescrición facultativa.
CA3.2 Identificáronse os datos para o rexistro da prescrición.
CA3.3 Clasificáronse as técnicas de limpeza e desinfección.
CA3.4 Limpouse e desinfectouse o produto.
CA3.5 Establecéronse as condicións de utilización dos aparellos.
CA3.6 Clasificáronse os sistemas de envasamento do produto.
CA3.7 Cubriuse o formulario de declaración de conformidade.
CA3.8 Interpretáronse as instrucións de mantemento e conservación das próteses dentais contidas na tarxeta identificativa.
CA3.9 Xestionouse o tratamento e a eliminación de diversos tipos de residuos.
CA3.10 Valorouse a orde e a limpeza durante as fases do proceso e na presentación do produto.

4.3.e) Contidos

Contidos
Recepción.
Entrega.
Envasamento de próteses.
Lexislación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Documentación, calidade e comercialización	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Xestiona a documentación, para o que selecciona aplicacións informáticas, e detalla os protocolos de arquivo.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Elaborouse documentación relativa ao sistema de calidade, establecendo un organigrama que asigne as funcións do persoal.
CA4.2 Analizouse a documentación relativa ás especificacións de cada produto.
CA4.3 Elaborouse documentación que permita a rastrexabilidade dos produtos dentro da cadea de produción.
CA4.4 Descríronse as aplicacións informáticas na xestión da documentación.
CA4.5 Aplicáronse sistemas de codificación aos datos contidos na documentación.
CA4.6 Detállouse o procedemento de arquivo da documentación relativa á comercialización que conterá os datos identificativos do produto.
CA4.7 Descríbiuse o procedemento de rexistro das prescricións dos produtos emitidos polos facultativos especialistas.
CA4.8 Analizouse o documento de seguridade sobre protección de datos, conforme establece a lei orgánica de protección de datos, e describíronse as condicións do seu uso.
CA4.9 Definíronse e controláronse as condicións de facturación e cobramento dos traballos realizados.

4.4.e) Contidos

Contidos
Documentación relativa ao sistema de calidade.
Documentación de especificacións de produtos.
Documentación de subministracións.
Documentación de rastrexabilidade na cadea de produción.
Procedementos normalizados de traballo para cada tipo de produto.
Documentación de comercialización.
Prescricións dos produtos emitidos por especialistas.
Facturación e cobramento.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Os procedementos normalizados de traballo	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Elabora procedementos normalizados de traballo para a fabricación de próteses dentais, interpretando a normativa sanitaria.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Seleccionouse a normativa relacionada en cada caso.
CA5.2 Identificáronse os criterios de calidade de fabricación.
CA5.3 Enumeráronse as necesidades de recursos humanos e materiais para a elaboración de próteses.
CA5.4 Deseñáronse os procedementos normalizados de traballo para os métodos de fabricación de próteses removibles de resina e próteses parciais metálicas.
CA5.5 Deseñáronse os procedementos normalizados de traballo para os métodos de fabricación de próteses fixas e implantosoportadas, e de aparellos de ortodoncia.
CA5.6 Deseñouse un procedemento normalizado de traballo para a retirada de próteses sanitariamente perigosas.
CA5.7 Interpretáronse instrucións e fichas de seguridade para a prevención de riscos.
CA5.8 Seguironse as normas para a correcta eliminación dos residuos.

4.5.e) Contidos

Contidos
Organigrama e funcións do persoal.
Materiais para a fabricación de próteses.
Métodos de fabricación de cada tipo de prótese.
Control de calidade das próteses.
Retirada de próteses dentais do mercado.
Rexistros de entrada de materia prima.
Actuacións para retirada de produtos.
Apertura de expediente.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Son mínimos exigibles os indicados en cada unidade didáctica.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

-Contidos conceptuais:

1. Proba de exame escrita de preguntas de desenvolvemento e/ou curtas e/ou tipo test e/ou de relacionar e/ou de imaxes relacionadas cos contidos das Unidades didácticas que se avalíen.

-TIPO DE CALIFICACIÓN: Cuantitativa, constituíndo o 60% da nota da UD avaliada.

-VALORACIÓN: Respostas correctas dos conceptos, de xeito que tódalas respostas puntuán o mesmo. As respostas en branco non suman nin restan. As respostas incorrectas non restan.

Estas probas teóricas basearanse nas cuestións relacionadas propostas en cada Unidade didáctica.

De non acudir ás probas de este apartado, salvo que sexa por un motivo xustificado segundo a normativa vixente, o alumno acudirá con esa parte ao exame final.

2. Traballos, exercicios, actividades de aula e a súa defensa e exposición tanto individualmente como en grupo. Avaliaranse, neste apartado, os que indique a profesora.

TIPO DE CALIFICACIÓN: Cuantitativa, constituíndo o 40% da nota da UD avaliada.

VALORACIÓN: Cunha táboa de observación, rúbrica ou lista de cotexo.

O alumnado deberá realizar as tarefas en tempo e forma, respectando os prazos de entrega. Cando algunha entrega non se realice en tempo e forma, quedará reflectido na nota final que poderá acadar neste apartado.

A detección de fraude, na realización de calquera dos dous apartados (1 e 2), suporá a cualificación de 0 puntos no apartado considerado.

Está prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro medio de comunicación entre alumnado e o exterior da aula.

NOTA DAS AVALIACIÓNS

Para poder acadar unha avaliación positiva en cada avaliación trimestral, a nota mínima será dun 5 sobre 10 para cada un dos dous apartados (1 e 2).

A nota de cada avaliación trimestral, calcularase aplicando as ponderacións previstas para cada un dos dous apartados. Previamente, farase a media entre as notas obtidas co avaliado en cada un deses dous apartados da avaliación trimestral considerada.

Os decimais obtidos ao calcular esa nota teranse en conta unicamente para calcular a nota final do módulo. A nota que figurará no boletín de notas, será un número enteiro.

As datas de exame estableceranse de acordo co alumnado, de non existir consenso, será a profesora quen fixara a data do exame.

NOTA FINAL

Ao ser a avaliación continua, a nota final do módulo obterase facendo a media das 3 avaliacións trimestrais e tras aplicar as ponderacións marcadas para cada UD. Serán considerados os decimais obtidos, ao facer o calculo das notas de cada unha das tres avaliacións trimestrais do curso, redondeando para arriba cando o primeiro decimal sexa 5 ou superior, e para abaixo cando sexa o primeiro decimal sexa inferior a 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aínda que a avaliación é continua, para o alumnado que cursa por primeira vez o módulo e que non supere algunha das avaliacións parciais, programaranse actividades de recuperación consistentes en repaso dos temas e actividades prácticas despois da terceira avaliación.

Segundo o artigo 29 da Orde do 12 de Xullo de 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15 de xullo de 2011), o alumnado que teña módulos pendentes entre a 3ª avaliación parcial e a final de módulos, deixarase un período non superior a 3 semanas que, entre outras actividades, destinarase á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes, deseñadas en base ó informe individualizado, elaborado polo equipo docente logo de realizada a 3ª avaliación.

Para o alumnado matriculado en 2º curso que teña pendente o módulo, deseñaranse actividades de repaso dos contidos conceptuais, se lles facilitarán as presentacións, apuntamentos e exercicios correspondentes ao módulo e se lles propondrá que acudan ás mesmas probas parciais que o resto do alumnado de 1º, coa excepción dos contidos correspondentes á 3ª avaliación, que se avaliarán antes de finalizar a 2ª. Resolveranse tódalas dúbidas que vaian xurdindo grazas ao contacto que o alumno pode ter coa profesora.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua por ter superadas as faltas de asistencia poderá presentarse a unha proba extraordinaria de avaliación final dos módulos, que consistirá nunha proba teórica ou teórico-práctica.

Esta proba poderá incluír cuestións de diferentes tipos: de elección, de resposta curta, de desenvolvemento de cuestións relacionadas cos contidos do módulo e/ou resolución de exercicios. A duración máxima desta proba será de 2 horas.

Para obter unha cualificación positiva na proba de avaliación extraordinaria, hai que ter un mínimo de 5 puntos (sobre un total de 10 posibles) na proba realizada.

A proba poderá coincidir coa das Probas libres, se a convocatoria o permite.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será documentada por cada docente na aplicación informática no apartado de Seguemento da Programación, dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente. No caso de modificacións, reflectirase na acta de Reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través da escoita aos alumnos sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación. Así mesmo valorarase se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

Ao remate do curso, realizarase a Memoria final do módulo según o modelo establecido, na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán de base para a elaboración da programación do seguinte curso

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase una avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo, así como a detección das posibles dificultades deste.

Observarase ao alumnado nas primeiras semanas do curso e emitirase un informe para o titor/a.

O titor/a recabará os informes individualizados do alumnado repetidor, información de estudos académicos, ditames específicos do alumnado con calquer tipo de discapacidade, con necesidades educativas especiais e experiencia laboral previa.

Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á Xefatura de Estudos

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe tomaranse medidas de apoio e soporte.

1. Reforzarase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos, indicando os obxectivos e contidos básicos do módulo que se deben de acadar.
2. Proporanse actividades alternativas con distinto grao de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o/a alumno/a, aportando instrucións máis detalladas ou diversas para abordar exercicios, traballos, actividades e probas.
3. Traballarase con distintos agrupamentos de alumnos para favorecer a súa participación, os traballos das actividades propostas e a axuda que poidan brindar outros compañeiros/as.
4. Flexibilizar,ase na medida do posible, os tempos necesarios para a realización das probas.
5. Levarase unha atención máis individualizada co alumno

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeir@s, profesorado, talleres, e material traballarase de forma implícita e nalgúns casos explícita, a través das diferentes actividades.

Educación medioambiental: As materias primas que utilizamos, as transformacións que realizamos (resinas, ieselos...), e refugallos que xeramos (desperdicios, metais...), inciden directamente na calidade do medio ambiente. O uso de enerxías renovables, o reciclaxe e a sustentabilidade estarán presentes intrínxicamente pero tamén en forma de actividades específicas.

Educación para a saúde: A saúde dental é chave no benestar das persoas polo que é importante seguir uns criterios responsables no desenvolvemento do traballo. Teráanse en conta os requerimentos de determinados grupos de poboación así como os novos hábitos sanitarios.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso proporase realizar aquelas actividades previstas para o curso escolar, sempre que estean aprobados polo Consello Social e poidan levarse a cabo no desenrolo da programación, pero tamén se facilitará a asistencia a charlas, seminarios, congresos, xornadas... con temáticas relacionadas co sector e/ou co ciclo que xurdan ao longo do curso.

A temporización repartirase nos tres trimestres do curso dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación. Tratarase de realizar unha visita a un laboratorio de próteses dentais.

10. Outros apartados

10.1) Versión da programación ao alumnado.

Ao comezar o curso a programación didáctica explicarase e a súa versión poñerase a disposición dos alumnos e estará sempre na aula virtual, na páxina web e nos ordenadores da biblioteca. Farase fincapé especial nos criterios da avaliación e os mínimos esixibles.